
Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Lingua de calidade*, Vigo, Xerais, 2009

É unha honra termos entre as nosas mans a obra *Lingua de calidade* de Freixeiro Mato, non só polo seu carácter divulgativo senón porque é merecedora de todas as louvanzas posíbeis. É, sen dúbida, unha obra de referencia para todo o público que se sinta fiel á nosa lingua e á nosa nación. As reflexións do autor tratan sobre algúns temas ortográficos, gramaticais e sociais do galego e mais as súas propostas e ideas para preservar a posición da lingua dentro da sociedade galega.

En primeiro lugar, o autor indica no limiar unha serie de valoracións moi acertadas a respecto da situación da lingua galega. “O galego a día de hoxe non ten garantido o seu futuro como idioma da Galicia, aínda que si o teña como lingua internacional a través das súas variantes, nomeadamente a portuguesa e a brasileira” (páx. 5). Alén dun percorrido pola actual situación que padece o noso idioma, unha visión do pasado, e inclúe unhas reflexións sobre a orixe dos problemas que padece a lingua galega desde hai séculos.

Ao longo de vinte capítulos trata as cuestións máis comprometidas no uso do idioma galego. O autor aconséllanos sobre as formas recomendábeis para manter un galego de calidade, rescatando as estruturas morfosintácticas dun (non intencionado) esquecemento para reforzar a independencia do sistema lingüístico galego. Na maior parte dos capítulos do traballo do profesor Freixeiro Mato ofrécese unha visión práctica sobre aspectos morfosintácticos da lingua galega, gran parte deles sofren a sempre evitábel interferencia do español. As recomendacións que Freixeiro argumenta moi acertadamente deben terse en conta á hora de tentar mellorar o uso da lingua, ben sexa na oralidade ou na escrita. Detense na permanencia dos prexuízos lingüísticos asociados aos galegofalantes.

Unha das preocupacións que mostra Freixeiro é a situación de diglosia en que se atopa o galego, pois xeralmente o galego falante débese adaptar ao castelán. Isto é debido a que o castelán é recoñecido como lingua A e o galego, secundarizado, como lingua B.

Con respecto ao tema da ortografía, o autor achega unha idea esperanzadora de que se o galego asenta na súa totalidade as *normas*, aumenta a posibilidade de nos aproximarmos ao modelo actual das variantes portuguesa e brasileira. Alén disto, é obrigado manifestarmos que este cambio debe ser intencionado, pois de non o ser, coidamos que a lingua galega no canto de se aproximar a estas dúas variantes se afastaría. Tamén trata aspectos centrais para dignificarmos a lingua, como a

importancia da calidade e a necesidade dun modelo de lingua máis auténtico.

Asemade, outros temas desenvolto polo autor son as características do texto oral e escrito, os rexistros lingüísticos, os preconceptos lingüísticos que provocan a perda continua e acelerada da lingua etc, que conforman xunto co resto dos puntos unha obra de espectacular relevancia inserida nun proxecto lingüístico e nacionalista. Non obstante, Freixeiro argumenta cuestións de diversa índole, desde os aspectos máis salientábeis da gramática (preferencia polo sufixo *-bel*, *-aría*, a forma *Galiza* no canto de *Galicía* ou nos grupos *-ct-* e *-cc-* suprímese a primeira consoante cando a precede a vogal *i* ou *u* (*confli*to, *redución*) entre moitos outros) até a necesidade dun modelo de fonética galega común ou culto, que requiren da nosa necesaria atención, para así determos o proceso de españolización que sofre o galego desde hai séculos, como xa citamos anteriormente.

Por outra banda, cómpre destacarmos sumariamente as cuestións que resaltan a sublime labor deste autor recollida na súa obra, sen repudiarlos as demais. Primeiro de todo, as construcións con pronomes posesivos, isto é, rexeitar as expresións con posesivos como **diante túa*, **enriba nosa*, e substituílas por *diante de ti* e *enriba de nós*. Cando o posesivo funciona como atributo debe colocarse precedido do substantivo por ser máis acorde cos usos tradicionais (*a miña amiga*, *a nosa avoa*).

A seguir, nas construcións con pronomes persoais átonos maniféstase a preferencia pola colocación posverbal (*dixenvos*, *mándoche*), así como a distinción entre pronomes de acusativo e de dativo, ou os diferentes usos de *se* (complemento directo, signo de indeterminación do axente e formante lexical do verbo).

Asemade, o uso e a potenciación do infinitivo flexionado (*lernos*, *virde*s, *reclamaren*) é un dos trazos máis tradicionais da nosa lingua, e por tanto o non usalo cando for necesario suporía a “desnaturalización do idioma”, segundo denominación do propio autor.

Un outro aspecto salientábel é o uso do infinitivo xerundial. A estrutura *a* + infinitivo con valor de xerundio é unha construción moito característica do galego-portugués. Tamén existe un emprego preferencial da construción perifrástica *ter de* + infinitivo, *voltar a* + infinitivo, *deber* + infinitivo e *deber de* + infinitivo, todos estes trazos contribúen para un galego de calidade.

Alén disto, o uso do futuro de subxuntivo é moi tradicional no galego oral e escrito nomeadamente en construcións condicionais (*Se chegares antes das nove*, *cháname*). Por este motivo, para conseguirmos un galego de calidade precisamos deste tempo verbal.

Tamén cómpre resaltarmos o uso do complemento directo sen a preposición *a*. Esta é unha característica sintáctica do galego que debemos preservar (*A noticia ofendeu moito os operarios*).

A preferencia pola orde sintáctica tradicional na colocación dos clíticos como marca de estilo é outra cuestión que destacamos na obra do autor. Ademais de desbotar os marcadores discursivos alleos ao galego, como *bueno* ou o exceso uso de *pero*. No entanto podemos utilizar *bon* e *ben*, mais nunca *bueno*. Deste xeito, cómpre pór atención nestas interferencias do español, para así mellorar a calidade da nosa lingua.

Por último, o coñecemento e o uso do léxico tradicional galego e a fraseoloxía popular, pois é necesario acadires a solucións terminolóxicas do ámbito portugués para construírmos “un galego depurado dos castelanismos léxicos”.

En conclusión, o pechamento da obra está formado por unha “proposta esperanzada” onde reflexiona sobre todos os aspectos recollidos ao longo da súa obra e asocia o futuro do galego ao achegamento a Portugal e ao portugués, un “epílogo non previsto” que xorde despois do (in)esperado resultado das eleccións de 2009, e para alén disto, un apéndice sintáctico moito produtivo, esquemático e práctico. Fica moito interesante a crítica dos prexuízos ou preconceptos lingüísticos que xogan contra o galego na sociedade actual, como a “suposta falta de utilidade do galego” (páx. 143) ou a asociación do “galego coa pobreza e o atraso” (páx. 143) entre outros. Para finalizarmos, *Lingua de calidade* de Freixeiro Mato é sen dúbida unha obra de referencia para todo o público, grazas á súa expresiva claridade e apaixonante finalidade de acadares unha “lingua de calidade”, e tendo en conta a profesionalidade e a rigorosidade que identifican a Freixeiro na súa labor como filólogo e gran estudoso da nosa lingua galega. O galego debe gañar independencia fronte ao español, e por tanto termos un modelo de lingua máis auténtico e depurado das interferencias (insistimos, sempre evitábeis) do español.

Mónica Vázquez Laiño